

DÍA MUNDIAL DA **1** de decembro
SIDA

coñecemento

sexo seguro

solidariedade

A sida é a enfermidade que produce a infección polo virus da inmunodeficiencia humana (VIH).

A infección polo VIH transmítese fundamentalmente a través das relacións sexuais. Esta é a vía de transmisión máis importante a nivel mundial. Como en moitas outras enfermidades tamén se transmite polo sangue, o que deu lugar nalgúns países a que moitas persoas se infectasen co VIH ao compartir os materiais para se inxectaren drogas. Tamén se pode transmitir da nai ao fillo, pero actualmente é posible evitalo na maioría dos casos cos novos tratamentos antisida.

Nas actividades da vida diaria o VIH non se transmite. Polo tanto, non se transmite por compartir casa, colexio, traballo, nin por compartir pratos, vasos, cubertos, roupa, baños, etc.

Os medicamentos para tratar o VIH/sida avanzaron moito nos últimos anos, o que permitiu mellorar a calidade e a esperanza de vida das persoas afectadas. Pero aínda non hai medicamentos que poidan curar totalmente a sida nin vacinas que nos poidan protexer da infección polo VIH.

O sexo seguro, mediante a utilización correcta do preservativo, é a medida preventiva máis eficaz para evitar a infección polo VIH/sida e tamén outras infeccións de transmisión sexual.

O coñecemento da enfermidade e a solidariedade coas persoas afectadas é imprescindible para conseguir un futuro sen sida.

A discriminación e o medo que algunhas persoas mostran polas persoas afectadas adoita ser froito da ignorancia.

AS MOZAS E OS MOZOS
comprometémonos
nas accións máis
importantes fronte
á SIDA:
coñecemento,
sexo seguro e
solidariedade

MÁIS INFORMACIÓN
Tel.: 881 542 960
<http://dxsp.sergas.es>

